



2026/SUBCC/000004

Certificación do acordo

Raimundo González Carballo, Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra.

Certifico: que a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión Extraordinaria e urxente que tivo lugar o día 06.02.2026, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

2.- APROBACIÓN BASES E CONVOCATORIA DE PREMIOS DO ENTROIDO 2026. 2026/SUBCC/000004.

I. ANTECEDENTES

1. Polo Concelleiro Delegado de Festas, ordenouse iniciar o expediente que estableza unhas bases e convocatoria de premios aos participantes nos distintos concursos do Entroido desde ano 2026, que terá lugar entre os días 14 e 20 de febreiro e que poidan ser de interese para a cidadanía de Pontevedra.

O Concello de Pontevedra establece esta convocatoria de premios co fin de preservar o patrimonio cultural e fomentar o interese polas actividades culturais e festivas tradicionais do municipio. Esta convocatoria está contemplada no Plan Estratéxico de Subvencións 2026-2028(PES en diante), na súa ficha 31 do anexo de dito Plan, no que se clasifican as subvencións por áreas competenciais de gasto. O PES 2026-2028 aprobouse mediante decreto da alcaldía de 05.02.2026.

2.- En cumprimento da dita providencia, o servizo de cultura elaborou un proxecto de bases e convocatoria para a concesión de premios dos distintos concursos do Entroido. Así mesmo incorporas ao expediente, o informe do xefe de servizo xestor e, consonte co artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012 e base 51 das de execución do orzamento para o 2026, memoria económica relativa ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

3.- Remitido o expediente á Intervención Xeral Municipal, unha vez superada a discrepancia exposta nun primeiro informe, coa aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2026-2028 , emítese informe novamente con data 06.02.2025 fiscalizándose o expediente de conformidade. Así mesmo, se informa que o gasto contabilizarase con cargo á aplicación 09/3383/48100 e operación contable 12026000002988, do orzamento prorrogado para este ano 2026, por importe de 37.250 €. O libramento desta cantidade farase por medio da expedición da correspondente orde de pago a xustificar.

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

1.- O artigo 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG) no mesmo sentido que o artigo 23.1 do antigo Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, Decreto de 17 de xuño de 1955 (RSCL), determina que poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou suplan aos atribuídos á competencia local.

2.- Os artigos 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia establecen que o municipio para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, nas materias de promoción da cultura e na de ocupación do tempo libre.

3. O artigo 8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) dispón que os órganos das Administracións Públicas deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as





súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria. Esta previsión desenvolveuse no Regulamento da LXS, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, que no seu art. 12.3 dispón que os plans estratéxicos de subvencións teñen carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigas, establecendo que a súa efectividade quedará condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención, atendendo entre outros condicionantes ás dipoñibilidades orzamentarias de cada exercicio.

4.- Segundo o establecido no art.22 da LXS o criterio xeral de concesión de premios será o réxime de concorrencia competitiva, as bases reguladoras da convocatoria dos citados premios deben aprobarse con carácter previo ao outorgamento, segundo o art. 9 da OXS, sendo unicamente preciso a presentación da documentación esixida nas bases específicas da convocatoria.

5.- O artigo 30.7 da LXS establece que as subvencións que se concedan en atención á concorrencia dunha determinada situación no perceptor non requirirán outra xustificación que a acreditación, por calquera medio admisible en dereito, de dita situación previamente á concesión. No caso dos premios, e salvo que as bases reguladoras establezan outra cousa a xustificación consistirá na acreditación do feito de resultar gañador segundo se estableza na convocatoria.

Neste senso, ao abeiro do establecido no artigo 3 da Ordenanza xeral reguladora das subvencións (Título V. Bolsas ou premios), aprobada polo Pleno da Corporación o 17 de setembro de 2004 (BOP nº190 do 30/09/04), son subvencións as disposicións dinerarias realizadas polo Concello para o desenvolvemento de proxectos, accións ou condutas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de titularidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública, sempre que cumpran os requisitos previstos no citado precepto.

6.-De conformidade co artigo 38 da citada Ordenanza, o réxime especial aplicable ao outorgamento de premios educativos, culturais, científicos ou de calquera outra natureza deberán axustarse ao contido desta ordenanza, agás naqueles aspectos nos que, pola especial natureza das subvencións, non resulte aplicable. Cando se trate de premios unicamente será necesario presentar a documentación esixida nas bases específicas da convocatoria.

7.-Polo Servizo de Cultura elaboráronse as bases reguladoras da concesión destas axudas, axustadas á normativa local vixente neste eido, en concreto a Ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións do Concello de Pontevedra e os seus organismos autónomos, á que prestou aprobación definitiva o Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o 17 de setembro de 2004. O extracto da convocatoria será comunicada ao BOP pola Base de Datos Nacional de Subvencións nos termos e cos requisitos establecidos no art.20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

8.- Aos premios destinarse un importe máximo de 37.250 €, correspondente á aplicación orzamentaria 09.3383.48100 do orzamento de gastos para o exercicio 2026. O libramento desta cantidade farase por medio da expedición da procedente orde de pago a xustificar, tal e como establece o art. 190 do TRLRFL, o artigo 69.1 do Real decreto 500/1990 e a base 63ª das de execución do orzamento.

9.- Segundo o artigo 11 da Ordenanza xeral de subvencións, a competencia para a concesión de subvencións en concorrencia competitiva cando o importe da convocatoria exceda de 12.020,24 euros correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En base ao exposto, unha vez informada a existencia de crédito pola Oficina de xestión orzamentaria e contabilidade e informado o expediente pola Intervención Xeral, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar as bases e a convocatoria pública dos premios do Entroido 2026 do Concello de Pontevedra contidas no documento co CSV L2BXT5NCA7K6KC7C.

Segundo.- Autorizar o gasto por importe de 37.250 € con cargo á aplicación orzamentaria 09/3383/48100 e





operación contable 1202600002988, do orzamento prorrogado para este ano 2026, cantidade que se librará por medio da expedición da procedente orde de pago a xustificar.

E para que conste, coa salvidade á que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente certificación de orde e co visto e prace da Alcaldía na data que consta na sinatura electrónica.

